



## *Dende fóra, María Meijide*

*Grupo redacción*



*¿Cal cres que é o papel das galerías na sociedade actual?*

Creo que xogan un papel de escaparate, intermediario e mediador entre público e artistas; pero á súa vez son empresas privadas con fins económicos, o que fai que a miúdo se convertan estes últimos nos seus únicos fins.

*¿Seleccionas ou selecciónante as galerías?*

Eu creo que igual que en todas as facetas da vida podemos escoller nós moito máis do que normalmente asumimos... Claro que é moito máis doado delegar responsabilidade e dicir que son os demais os que escollen por nós, que se o acceso é difícil, que se fai falta ter coñecidos do outro lado, etc... pero eu creo que as decisións e consecuencias que nos atinxen dependen en gran medida de nós mesmos, así que a pesar dos rexeitamentos e acertos, en última instancia selecciono eu. (¿Como van ser os demais responsables da miña traxectoria?).

*¿A que público queres chegar?*

A todos os públicos posibles.

*¿Cres que a galería é unha boa vía para chegar a este tipo de público?*

Depende da galería, pero polo xeral creo que as galerías se dirixen a un público restrinxido.

*¿Estás satisfeito coa venda que xera o teu galerista?*

Neste momento non traballo con ningún.

*¿Poderías describir o tipo de comprador?*

Creo que calquera pode ser potencialmente un comprador.

*¿Existe un estereotipo?*

É posible que o que máis abunde -e máis acceso teña ó mercado- sexa o burgués de clase media-alta.

*¿Cres que o que se presenta na galería comeza a ser un valor indiscutible?*

...Se cadra para o público que merca e confía no criterio da galería en cuestión... pero a verdade é que isto dos valores indiscutibles... non ten, me parece, moita vixencia; hoxe día en que todo vale e todo se cuestiona, apenas hai autoridades de criterio respectadas de maneira indiscutible... (e menos unha galería que conta entre unha das súas motivacións a de facer diñeiro...). Pero coidado, isto non quere dicir que non haxa galerías que supoñan e impliquen prestixio, hai moitas -espero- que actúan en función de criterios de selección reais e de calidade; agora ben, supoñen, eu creo, un prestixio e tamén valor momentáneo -nunca indiscutible- e que vén un pouco determinado, en canto a tempo, polas novas velocidades de mercado, agora que todo é cada vez máis virtual e máis rápido e a permanencia -en calquera sentido da vida- semella que está obsoleta..

*¿É bo para un artista estar vinculado a máis dunha galería?*

Supoño que si.

*¿Con que dificultades te atopas á hora de lle dar saída á túa obra?*

A miúdo o máis problemático é precisamente a falta de escaparate viable, barato, accesible, publicitado... pero aí tamén está o reto, hai que se las inxeñar.

*¿Despreocúpaste e deixas a promoción a cargo do teu galerista?*

En absoluto, intento encargarme persoalmente da promoción; é unha parte do traballo, se pretendemos autonomía, claro.

*¿Contas con apoio institucional, subvencións para produción, promoción...?*

Non aínda... (¡Maldita sexa!)

*¿Como repartides os gastos a galería e o artista?*

Traballei en poucas ocasións con galerías; estas non cubrían gastos de montaxe e levaban en torno ó trinta por cen das ganancias, o cal é bastante pouco en relación ás porcentuais habituais, que oscilan do corenta ó sesenta...

*¿Cres que o artista comeza a exercer funcións de galerías ou non é o caso?*

É posible, sobre todo agora que a xanela virtual é unha sorte de galería ó alcance case de calquera.

*¿Consideras que hai intrusión?*

...Máis ben dilución de certas fronteiras e novas relacións comerciais coas súas respectivas novas funcións; cada vez hai máis espazos mixtos, que compatibilizan exposicións e outro

tipo de actividades... tabernas-galerías, tendas- xestorías de alugueiro de obra (ó parecer habituais en Alemaña...) e quizais isto xere algún tipo de resentimento por parte da galería tradicional que normalmente non se recicla -ben porque non sabe ou non pode...- e é posible que desde o seu punto de vista esta competencia se lle presente como desleal; pero na miña opinión non hai intrusión senón novas canles de relacións.

*¿Aspiras a funcionar autonomamente?*

Si, si.

*¿Poderías explicar o porqué?*

Si, claro; autonomía é en moitos aspectos sinónimo de liberdade, pero bo sen ser, extremos en exceso... se un inicia unha boa relación cunha galería e a dependencia é satisfactoria para ambas as dúas partes, pois tamén perfecto.

*¿Veste condicionado a executar certo tipo de obra para a galería?*

Non máis que para calquera público; Ademais, as concesións que fai un no taller de cara á galería en xeral creo que sempre pesan... e a miúdo prexudican o traballo.

*¿Ves consolidado un mercado da arte en Galicia?*

Non estou abondo ó tanto..., pero si creo que en relación a uns anos atrás a calidade de vida en Galicia mellorou, así que supoño que ó tema artístico algo lle tocará.

*¿Cres que o mercado en Galicia se ve impulsado pola presenza das galerías galegas en ARCO?*

É que Arco é para min un tema escabroso...

*¿Por que cres que as institucións galegas teñen necesidade de adquirir obra proposta por galerías galegas en Arco?*

Esteamos ou non de acordo, Arco é por suposto prestixio e en teoría calidade. Así que supoño que as institucións mercan apoiadas nesas garantías... Quizais non poidan permitirse o risco de investir en algo ou alguén sen certezas de revalorización.

*¿Vendes máis nas feiras?*

Ó final si, as feiras son un magnífico escaparate.

*¿Cres na galería especializada ou nunha máis específica?*

Creo na galería eficaz e intuitiva, con criterios de calidade reais e non estraños bombos ficticios pouco comprensibles (e que deixan ó público cando menos desconcertado).

*¿Prefires ter obra en depósito na galería ou que merquen a produción?*

Ambas as cousas están ben, aínda que o propio é vender a produción rapidamente.

*¿Con qué galerías traballas?*

Actualmente con ningunha.

*¿Cantas exposicións realizas ó ano aproximadamente?*

Unha ou dous individuais e unhas cantas colectivas.

*¿Proponche a galería un calendario de actividades anual?*

Non.

*¿Repite a galería exposicións da túa obra nun mesmo ano?*

Non.

*¿Varían moito as condicións dunha galería a outra?*

No esencial creo que non.

*¿Se recibes unha subvención x hai esixencia de doazón de obra? ¿Adquires algún tipo de compromiso coa institución?*

Depende da normativa de cada subvención, pero o normal é que impliquen compromisos, exposición ó cabo dun ano, dereitos de reprodución, etc...

*¿Interfere a institución no contido do proxecto?*

Normalmente non, que eu saiba.

*¿Condicionan a produción ou dan liberdade en todos os aspectos?*

1



É que é posible que haxa de todo... pero creo que hai moitas bases moi abertas e libres en principio...

*¿Cres que as institucións públicas ou privadas teñen o deber e que é importante que contribúan na promoción, subvención e apoio da arte?*

Vexamos, creo que teño unha opinión un tanto contravertida en relación a este tema; Realmente non creo que as institucións -nin ninguén-, teñan a obriga de facer estas promocións (en relación ó deber-deber... xa é outro cantar...) pero en fin, o que quero dicir é que seguro que está moi ben o labor de moitas institucións de apoio, promoción e demais... pero hai porén certas actitudes en toda esa dinámica de axuda e solicitação de axuda por parte dos artistas, que na miña opinión son –quizais sen querer- totalmente prexudiciais e a miúdo pechan un engano ó final; o vivir de subvencións non axuda, creo, a unha independencia comercial real e sostible no día a día; quizais en casos concretos pode que estea moi ben (seguro!) pero en termos xerais favorece, creo, ese desequilibrio tolo ó que asistimos no mundo da arte; prezos desorbitados, especulacións absurdas e en definitiva situacións insostibles... e aí é onde máis sae prexudicado o artista, a miúdo instalado nunha economía precaria, irregular e con dificultades de mellora.

Vexamos, no mellor dos casos estas promocións e subvencións a nivel institucional, o que fan é axudar, ó artista a que se estableza nese mercado desequilibrado do que falamos e do que tamén elas son partícipes, claro. E de aí en adiante, se se consegue manter na fenda, pois a rodar, rodar... Este exemplo visto desde abaixo parece moi bonito e esperta en moitos o anhelo de estar no candeeiro, quizais pouco conscientes de que se trata de casos excepcionais, e, como non, a este anhelo vai acoplada a sempiterna queixa dos grupos de artistas -

entre os que me encontro ¡por suposto!- acerca da falta de subvencións, o esquecemento en que vivimos, a inxustiza dos organismos, etc... e xa se sabe, a queixa cando se repite e xa non se cuestiona convértese nun tipo de conformismo, obstáculo enfermizo que se alimenta a si mesmo e que nos impide, creo, encarar con claridade a situación que na miña opinión é esta: o artista -creo- debe equipararse ó resto dos traballadores, e encaixar o seu sitio na sociedade e no mercado coma os demais: igual que calquera autónomo que vende un produto -aínda que sexa virtual- ou ofrece uns servizos, ha de se preocupar pola súa clientela, imaxe pública, alcance do seu escaparate, etc... . E todo isto coa vantaxe de que o artista pode aplicar toda a súa estratexia creativa á posta en marcha do seu negocio; porque si é un negocio, aínda que a algún lle moleste e lle caian os aneis, isto é unha maneira de gañar a vida (de a vivir en definitiva)... porque o poeta, creo eu, fai versos de igual maneira que é necesario que o panadeiro faga pan, o carpinteiro mobles e o moderno operario de artes plásticas, pois... as súas creacións... e si claro que é difícil ... pero tampouco ha de ser doado levantarse ó forno ás seis da mañá, non? E si claro que é complicado encontrar o modo de vender -na medida que sexa vendible- o produto... pero máis complicado é conseguilo sen o tentar, esperando que nos veñan a buscar ó taller e, por outro lado, a necesidade agudiza o enxeño e esporea a creatividade, pero sobre todo sitúanos ante a realidade e báixanos do pedestal dos privilexiados, da nube esa na que viven algúns pensando que o artista pertence a outra casta -¿será a casta dos que máis cobran?- e como a moitos lles é cómoda esta confusión, ós que cobran, ós que queren cobrar, ás entidades que invisten, ás que especulan... pois así andamos...

En fin, pero ¡coidado! non quero en absoluto dicir que estou en contra de promocións e axudas... (¡Faltaría máis! Encantada estaría de reci-

bir algunhas). Só quería expresar -¡horror!, ¿a saber se o conseguín?- que en moitas ocasións entidades, galerías e artistas participamos desa dinámica errónea, que esaxera as diferenzas entre uns e outros, de maneira gratuíta e apoiada en criterios especulativos do todo ficticios... e que en conxunto estas actitudes non axudan a emancipar á profesión -que creo é o que realmente necesitamos... -senón que nos manteñen nunha situación de dependencia -de queixa adolescente... -que nos retarda á hora de nos lanzar á busca e conquista do espazo que necesitamos, un espazo real, ó que poidan acceder as persoas, e non unha burbulla en algodóns rodeada de ávidos intermediarios á caza dun anaco do pastel.

*¿Se si, ata qué punto isto sucede en Galicia?  
¿Cres que as institucións estás/ empresas están  
concienciadas desta importancia?*

Dubídoo.

*¿Cres no artista independente alleo á institución ou comercio?*

Alleo á institución é posible... ó comercio é ben difícil porque á fin e ó cabo todos temos que comer ¿non? pero sempre hai casos extremos.

*¿Expoñen en espazos alternativos á galería e museo?*

Si, A maior parte das veces da miña curta trayectoria, clara.

*¿Qué papel cres que desempeña a arte/artista na sociedade?*

Pois, qué pregunta... a ver, arte e artistas son na miña opinión unha parte máis da engrenaxe que é a nosa vida e á súa vez é reflexo desta e tamén construción, o cal lles permite actuar como axente reflexivo e crítico... ás veces burión... outras vergoñosamente trivial... aínda

que a miúdo paralelo e indiferente ó seu papel na sociedade ou outras explicacións en termos sociolóxicos... Porque ¿que papel desempeña unha sinfonía? E sobre todo ¿que nos importa? O importante será escoitala coma a un poeta lelo e a un cadro velo e o demais pouco pode engadir xa.

---

## Ilustracións

- 1 Milán portomarínico. Óleo sobre lienzo. Díptico de 200x150 cm. 2005